


### **Instrucións do alumnado para proba de acceso.**

Accédese á aplicación a través dun navegador web. Na barra de direccións, situada na parte superior da pantalla, introduce o enderezo <http://www.edu.xunta.es/nerta/> e a continuación preme a tecla  na parte superior dereita. Tamén hai un enlace no portal educativo da consellería, na sección “Alumnos”.

**No momento da matrícula no centro, xerárase unha solicitude de conta de usuario para poder acceder a nerta, automaticamente. Recibirás na túa conta de correo electrónico o código necesario para activar a conta de usuario e información cos pasos a seguir para completar a activación da conta de usuario solicitada.**

**Todas as contas de usuario de nerta xestionaranse de maneira independente na aplicación <https://www.edu.xunta.es/contausuario>, nesta aplicación podes activar a conta, cambiar o contrasinal, desbloquear a conta, etc...**

Unha vez teñas activada a túa conta, para entrar na aplicación introduce o teu usuario (ueXXXX) e contrasinal, unha vez que te identifies como usuario, aparece o menú da aplicación:

- ▶ En Alumnado visualízanse os teus datos: persoais, académicos dos estudos de acceso e expedientes de probas anteriores.
- ▶ En Proba de acceso - Matrícula visualízanse os teus datos de matrícula : opción, estado da matrícula, tipo de matrícula, número de inscrición, opción de recibir correo electrónico e materias.
- ▶ En Proba de acceso - Cualificacións visualízanse as túas cualificacións na proba: listaxe de cualificacións por materia, cualificacións dos exercicios e cualificación da proba. Tamén podes observar o resultado das reclamacións que realizaches ás cualificacións.
- ▶ En Proba de acceso - Reclamacións podes xerar o impreso de reclamación:
  - Preme o botón “Engadir”.
  - Selecciona a materia premendo nela no recadro “Materias” ou cubrindo o campo “Código” no recadro “Engadir reclamación”.
  - Cubre o tipo de reclamación e as razóns xustificativas da mesma.
  - Preme o botón “Gravar”
  - Repite o proceso para cada materia da que queiras reclamar.
  - Para eliminar a reclamación dunha materia, selecciónaa e preme o botón “Eliminar”.
  - Xera o impreso de reclamación co botón “Xerar impreso de reclamación”. Imprimeo ou garda o documento pdf.